



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



PAIDEIA
galiza fundación

galicia

**CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA A
COLABORACIÓN EDUCATIVA NAS ENSINANZAS PROFESIONAIS E SUPERIORES DE MÚSICA**

Santiago de Compostela, a 5 de xuño de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D.^a Carmen Pomar Tojo, en calidade de conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, nomeada mediante o Decreto 96/2018, do 26 de setembro, polo que se nomea conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, e actuando en virtude das competencias atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos e 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Doutra, D.^a Sandra Ortega Mera, en calidade de presidenta da Fundación Paideia Galiza, en representación desta e de conformidade coas atribucións conferidas polo acordo adoptado na reunión do Padroado da Fundación Paideia Galiza de data 9 de setembro de 2013 segundo consta no libro de actas da Fundación; e en virtude do dito nomeamento, ostenta a representación da entidade a todos os efectos legais, segundo consta nos Estatutos e escritura de constitución da entidade, outorgada o 30 de xullo de 2001, ante o Notario da Coruña Don Francisco Manuel Ordóñez Armán, baixo o número 1983 de orde do seu protocolo.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para obrigarse e

EXPOÑEN

I. Que o artigo 45 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as ensinanzas artísticas terán como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos/das futuros/as profesionais da música. Asemade, o artigo 3 do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia, e o artigo 3 do Decreto 171/2016, do 24 de



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAIDEIA
Fundación

galicia

novembro, no que se establecen novos itinerarios na especialidade de Interpretación, dispón que o perfil do/da titulado/a superior en Música corresponde ao/á dun/dunha profesional cualificado/a que acadou a madureza e a formación técnica e humanística necesarias para realizar de maneira plena a opción profesional máis adecuada ás súas capacidades e intereses, mediante o desenvolvemento de competencias comúns aos estudos de música e na correspondente especialidade; igualmente, entre as competencias transversais do/da titulado/a superior en Música, no seu anexo II, recóllense ás de "Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional" e "Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional".

II. Que a Fundación Paideia Galiza ten entre os seus fins a realización de actividades orientadas á formación, investigación e intervención no eido das ciencias sociais; a implantación de programas e tarefas dinámicas, sensíbles á realidade, así como á busca da excelencia en servizos e prácticas profesionais, desde unha abordaxe interdisciplinar, transversal e integral, para lograr a calidade no compromiso e na aplicación do social e do científico.

III. Que se estima fundamental a adecuación da formación dos músicos ao grao de excelencia académica que esixe nas ensinanzas artísticas profesionais e superiores, e o recoñecemento e posta en valor dos méritos artísticos e académicos baseados no esforzo e no traballo do alumnado. Estes obxectivos requiren dunha activa participación e corresponsabilización de todos os axentes sociais implicados, como procedemento clave para a actualización e capacitación técnico-artística dos/das estudantes de música, o que fai preciso a colaboración dos asinantes deste acordo, que permitirá afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe nos estudos profesionais e superiores de música dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio, en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Fundación Paideia Galiza e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para a promoción e posta en valor, no ámbito da música, de artistas dos conservatorios galegos que veñan de rematar os estudos profesionais e superiores de música nos conservatorios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Actuacións de colaboración



Xacobeo 2021



A referida colaboración levarase a cabo, do seguinte modo:

Por un lado, a través da concesión dun premio complementario aos/ás (3) tres alumnos/as que obtivesen os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais na modalidade de música na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao curso 2019/2020 que se convoquen a través do Diario Oficial de Galicia.

2.1. O premio complementario aos/ás (3) tres alumnos/as que obtivesen os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais consistirá no dereito a gravación discográfica, mestura, edición e masterización dun repertorio de 15 minutos por alumno premiado, en sistema de gravación a disco duro en HD 3 de ProTools.

Cada alumno premiado terá dereito á gravación dun vídeo en falso directo nos Estudios Mans cunha duración de tres (3) minutos como máximo. O vídeo gravarase na mesma xornada que se realizará a gravación do repertorio.

A gravación poderase facer efectiva no prazo de tres meses dende a publicación no Diario Oficial de Galicia da concesión dos premios extraordinarios e tras dar traslado á Fundación Paideia Galiza da Acta na que se indique a puntuación acadada polo alumnado nos devanditos premios.

2.2. E por outro lado, coa concesión de premios á excelencia musical Mans Futuro 2020 a titulados/as de ensinanzas superiores de música na especialidade de interpretación dos conservatorios galegos, por medio da realización de gravacións discográficas ou maquetas, ben como solistas ou ben cun máximo de dous (2) acompañantes, e a súa posterior distribución e difusión.

O desenvolvemento das accións establecidas en relación aos premios de ensinanzas superiores, concrétese nos seguintes premios:

2.2.1. Primeiro premio á excelencia musical Mans Futuro 2020 Fundación Paideia Galiza- Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para artistas noveis dos conservatorios superiores de música galegos que se outorgará ao/á alumno/a que obteña a maior cualificación no proceso de selección que oportunamente se convoque de acordo ás bases establecidas na cláusula terceira do presente convenio.

Este premio consistirá no dereito a gravación discográfica, mestura, edición e masterización dun CD en sistema de gravación a disco duro en HD 3 de ProTools, cunha duración máxima de 45 minutos.





2.2.2. Dúas mencións de honra á excelencia musical Mans Futuro 2020 Fundación Paideia Galiza-Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para artistas noveis dos conservatorios superiores de música galegos que se outorgarán aos outros dous premiados no proceso de selección que oportunamente se convoque de acordo ás bases establecidas na cláusula terceira do presente convenio. Estas dúas mencións de honra terán dereito á gravación, mestura, edición e masterización dunha maqueta en sistema de gravación a disco duro en HD 3 de ProTools, cunha duración máxima de vinte e cinco (25) minutos por alumno/a.

Adicionalmente, cada alumno/a premiado/a terá dereito á gravación dun vídeo de falso directo nos Estudios Mans, cunha duración máxima de tres (3) minutos. O vídeo gravarase na mesma xornada da gravación do repertorio.

As gravacións poderanse facer efectivas no prazo de tres meses dende a publicación da concesión dos premios á excelencia musical e tras dar traslado á Fundación Paideia Galiza da adxudicación dos mesmos na que se indique a prelación acadada polo alumnado nos devanditos premios.

A Fundación Paideia Galiza comprométese a ceder as súas instalacións e a sufragar os gastos que orixine a realización das gravacións, e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional comprométese a promover a convocatoria entre o alumnado dos conservatorios superiores de Galicia e a difundir as obras premiadas.

A Fundación Paideia Galiza comprométese a levar a cabo as seguintes accións:

-Realizar a convocatoria xunto coa Xunta de Galicia, recollendo as previsións establecidas no presente convenio.

-Poñer a disposición do alumnado premiado coa gravación dun repertorio durante a vixencia do convenio, as súas instalacións e os seus medios técnicos, consistentes nunha sala de gravacións no Centro de Iniciativas "Mans", así como o apoio especializado para levar a cabo as gravacións, de acordo co seguinte:

- a) Cederá as súas instalacións a cada premiado para unha sesión de gravación de entre tres e seis horas, en horario de mañá e/ou tarde, no estudio de gravación, Estudios Mans situado no CIE "Mans".
- b) Cederá as súas instalacións a cada beneficiario/a para as súas sesións de mestura, edición e masterización, en sistema de gravación a disco duro en Hd3 de Protools.





Para o caso do gañador do primeiro premio á excelencia musical Mans Futuro 2020, que inclúe gravación dun CD, a Fundación Paideia Galiza comprométese a:

- i) Tramitar a documentación administrativa necesaria e esixida pola lexislación da propiedade intelectual: o depósito legal e a xestión de comunicación á SGAE, sendo as tarifas correspondentes, de ser o caso, a cargo do/da beneficiario/a.
- ii) Realizar o deseño gráfico, e o seguimento da fotomecánica.
- iii) Entregar o número de copias das gravacións de acordo á seguinte distribución:
 - 100 copias para a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
 - 100 copias para a Fundación Paideia para a súa difusión
 - 300 copias para o premiado/a dos conservatorios superiores.

Os premios relativos ás mencións de honra e os/as premiados/as dos conservatorios profesionais, non conlevan a edición en CD nin a entrega de copias.

A elección do repertorio que integre o programa será proposto polo/a intérprete aspirante, tendo en conta que, no caso de tratarse de obras que non sexan de dominio público, os posibles custos derivados do aboamento de tarifas en razón de propiedade intelectual correrán a cargo do/da beneficiario/a do premio. En todo caso, esta circunstancia deberá ser advertida ao/á aspirante no momento da promoción e difusión da convocatoria de premios.

Terceira. Selección do alumnado que concorrerá aos premios á excelencia musical Mans Futuro 2020 (primeiro premio e dúas mencións de honra), de ensinanzas superiores de música

- 1. Esta convocatoria será de aplicación ao alumnado dos conservatorios superiores da Coruña e Vigo.
- 2. Para poder participar nesta convocatoria será condición indispensable que o alumnado cumpra os seguintes requisitos:
 - a) Ter acadada a cualificación de sobresáinte ou matrícula de honra no traballo fin de estudos na especialidade de interpretación, segundo o establecido nos plans de estudos dos citados Decreto 163/2015, do 29 de outubro e Decreto 171/2016, do 24 de novembro no ano académico 2019-2020 ou no ano anterior.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



galicia

- b) Ter superado o traballo fin de estudos no ano académico anterior ao da convocatoria dos premios ou no mesmo ano académico desta.
- c) Non ter participado en edicións anteriores destes premios co mesmo instrumento.
- d) O alumnado deberá presentar unha copia dunha gravación en vídeo no que interprete, co acompañamento que precise, se é o caso, tres pezas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde ao nivel destas ensinanzas, cunha duración máxima de 25 minutos, entre as tres pezas. O alumnado unicamente se poderá presentar como candidato de xeito individual realizando a interpretación como solista, con acompañamento da agrupación que precise, se é o caso.

Cuarta. Tribunal cualificador dos premios á excelencia musical Mans Futuro 2020 (primeiro premio e dúas mencións de honra), de ensinanzas superiores de música

1. Para a asignación dos premios e valoración das solicitudes, constituirase un tribunal de selección que estará integrado por:

a) A persoa responsable da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, que será o/a seu/súa presidente/a.

b) Vogais: tres vogais que serán especialistas no ámbito da música, designados pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

c) Un/unha asesor/a de ensinanzas artísticas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que actuará como secretario/a do tribunal.

2. Poderá, así mesmo, constituírse un tribunal previo de selección dos/das aspirantes, no suposto de que o número de participantes xustifique esta decisión. En todo caso, a composición deste tribunal realizarase de acordo ao establecido no punto anterior.

3. O tribunal terá atribuídas as competencias para o outorgamento dos premios, sendo a súa decisión inapelable.

4. O tribunal cualificador poderá declarar deserto algún dos premios.

O tribunal recollerá nunha Acta a proposta definitiva de adxudicación dos premios.

Quinta. Difusión do convenio

Na difusión do presente convenio deberá facerse constar a colaboración da Fundación Paideia Galiza e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Así mesmo, na edición



Xacobeo 2021



das gravacións dos/das premiados/as figurará o logotipo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o da Fundación Paideia Galiza e o de Estudos Mans.

Na difusión dos premios poderán intervir outras institucións que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou a Fundación Paideia Galiza consideren de interese para este fin.

Sexta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión que velará polo correcto desenvolvemento do presente convenio.

Esta comisión estará constituída por:

- a) O/a titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en que delegue.
- b) Dous/dúas representantes da Fundación Paideia Galiza.
- c) Un/unha funcionario/a da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, persoa que actuará como secretario/a.

A Comisión reunirse sempre que o requira unha das partes, con previo aviso á outra parte con polo menos unha semana de antelación.

Sétima. Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Oitava. Resolución do convenio

Son causas de resolución:

- a) Incumprimento das prestacións e obrigas establecidos nas cláusulas do convenio.
- b) Mutuo acordo das partes.
- c) Denuncia, expresa e cunha antelación dun (1) mes, de calquera dos asinantes.

Novena. Natureza do convenio





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



galicia

1. O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas deste. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, aplicaráselle os principios recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

2. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puideran xurdir da aplicación do presente convenio.

Décima. Publicidade activa

Este convenio será obxecto de publicidade a través dos mecanismos establecidos para o efecto pola Xunta de Galicia, en aplicación do establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo, e para garantir que non se transgreden os límites do dereito de acceso á información pública, así como dos derivados da normativa en materia de protección de datos persoais establecidos pola normativa básica, as persoas asinantes manifestan o seu consentimento e autorización para facer pública a información relativa aos seus datos persoais e o resto de especificacións que constan no convenio, e aceptan expresamente a publicación íntegra do convenio no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano por triplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados.

A conselleira de Educación, Universidade e
Formación Profesional



Carmen Pomar Tojo

A Presidenta da Fundación Paideia Galiza



Sandra Ortega Mera



Xacobeo 2021